



1

1 NOVA ESCOLA GALEGA ANTE O TEMPO PRESENTE DA EDUCACIÓN: 2 RETOS E PROPOSTAS

3 1. A complexidade do presente

4 *1.1. Presente educativo complexo*

5 Diante nosa temos circunstancias e novos elementos sociais, económicos e
6 culturais que amosan unha faciana complexa que, por unha parte
7 reclama, pero que por outra dificulta a actuación de NEG como ata aquí a
8 concibimos: a globalización coas súas múltiples e negativas consecuencias
9 sociais, o peso da tendencia e das prácticas de mercantilización, o
10 dinamismo das tecnoloxías dixitais -que contraditoriamente nos instalan
11 na ‘sociedade do descoñecemento’ (do horizonte) e a emerxencia
12 climática provocan mudas aceleradas e de gran alcance. Neste contexto, é
13 máis difícil ter unha mirada prospectiva sobre a educación, no medio de
14 intereses e puntos de vista contraditorios/enfrontados.

15 *1.2. A mercantilización da educación*

16 Reflictese entre nós o avance que a ideoloxía e as prácticas neoliberais
17 rexistraron entre as sociedades e economías máis poderosas do mundo,
18 uníndose á globalización mercantil e á revolución telemática. En relación
19 co ensino viñéronse realizando políticas favorecedoras da crecente
20 hibridación pública-privada, ao incorporar no ensino público prácticas e
21 condutas típicas das empresas privadas de produción.

2
3
4
5
6
7
8



9

22 A isto contribuíu o protagonismo concedido a distintas fundacións
23 privadas como *think-tank's* ou laboratorios de ideas de educación,
24 afectando isto ao establecemento dos currículos, ás posibilidades de
25 inserción dos centros nas súas contornas, ao tratamento do alumnado
26 como clientes, á visión dos centros como 'empresas' con carteiras de
27 servizos e con 'financiación por obxectivos', e ás medidas introducidas na
28 dirección e xestión (como 'xerencialismo') dos centros de educación, en
29 contra do principio de xestión democrática. Ademais, xunto ás redes
30 clientelares e doutrinais tradicionais de centros escolares privados,
31 ligados a miúdo a institucións relixiosas, cobran forza redes novas con
32 finalidade comercial e tamén política; redes que con frecuencia son
33 promovidas por 'multinacionais da educación'.

34 *1.3. O repregamento dos poderes públicos*

35 Logo da acentuación da capacidade reguladora da educación por parte
36 dos poderes públicos, vivida nas décadas centrais do século XX, viñeron
37 axiña múltiples sinais de repregamento a escala internacional: moi
38 acusado desde a gobernanza liberal e conservadora, mais tamén evidente
39 de por parte das políticas socialdemócratas, como entre nós queda de
40 manifesto na efectiva constitucionalización actual das redes de ensino
41 privado.

42 Os poderes públicos descargan unha parte das súas responsabilidades (en
43 relación co dereito constitucional á educación de calidade para todas as
44 persoas) nos sectores e iniciativas privadas, que aumentan a súa presenza

10
11
12
13
14
15
16



17

45 e capacidade, co evidente risco de contribuír coa súa actuación selectiva
46 aos desequilibrios sociais de todo tipo. A escala internacional e fóra do
47 espazo da Unión Europea isto é aínda moito máis visible: faise en
48 competencia e en detrimento da educación pública, favorecendo a
49 segregación socio-económica, cultural e territorial.

50 *1.4. O paradigma da racionalidade tecnocrática-pragmatista*

51 Desde esta concepción neoliberal promóvese o entendemento da
52 educación como un ‘capital persoal’ adquirido, como unha ‘carteira de
53 competencias”, que unha persoa ‘emprededora’ levará consigo para
54 inserirse competitivamente nun mercado laboral dinámico e eficiente en
55 canto á xeración (mais non distribución) de riqueza económica, sometido
56 á ‘creatividade’ e á ‘innovación’.

57 Deste modo, ábrese paso a concepción ‘utilitaria’ do coñecemento e poden
58 adquirir connotacións desvirtuadas termos como: calidade da educación,
59 excelencia, innovación, liberdade, intelixencia emocional e *coaching*; e,
60 mesmo, os de escola aberta á comunidade e espírito crítico, concepto que
61 neste contexto se baleira de significados conflitivos, para resitalo como
62 un modo ‘aparentemente autónomo’ e neutro de valoración dunha
63 información ou situación dada, no contexto de climas organizativos e de
64 comprensión da realidade presididos pola hexemonía ideolóxica neo-
65 conservadora e neo-liberal (un auténtico currículo oculto).

18
19
20
21
22
23
24

25

66 Perspectivas que moldean a visión do mundo desde o relativismo
67 axiolóxico e desde posicións de ‘tolerancia’ acrítica¹. Facéndoo, en
68 ocasións, co emprego de metodoloxías de aprendizaxe aparentemente
69 neutras, que poden ser utilizadas cunha valencia máis afectivo-emocional
70 e ideolóxica que cognitiva e efectivamente crítica.

71 *1.5. Novos ecosistemas de información e coñecemento*

72 Ocorre isto, ademais, en escenarios socioculturais abertos e plurais nos
73 que as tarefas e oportunidades de formación desbordan os límites dos
74 sistemas educativos escolares regulados (en distinto grao) polas
75 administracións públicas (centros públicos e privados, concertados ou
76 non, ademais de ‘academias’ e servizos socio-educativos e culturais de
77 diversos porte,...).

78 A través da revolución telemática abríronse novos ecosistemas de
79 aprendizaxe, de información e de coñecemento que inflúen de distinto e
80 desigual xeito na formación das persoas. Existe tamén unha crecente
81 industria formativa global, con plataformas como a ‘cultura google’, que
82 incide nos procesos formativos dos centros escolares. A cuestión
83 introduce profundas interrogantes sobre a función, a organización, a
84 composición profesional, as propostas curriculares e os modos de
85 aprendizaxe e de formación nas institucións escolares e,

26 ¹ A ‘tolerancia’ por si soa é incapaz de dotarnos dun pensamento crítico arredor de como ideoloxicamente
27 se pode construír e moldear unha visión incorrecta e falaz.

28

29
30
31
32
33
34
35



36

86 consecuentemente, obriga a repensar a función e formación das e dos
87 profesionais que as integren:

88 *1.6. A promoción de subxectividade submisas*

89 Falamos dunha lóxica e dunha racionalidade positivista-tecnocrática-
90 pragmatista favorecedora da construción de subxectividade submisas
91 ('dispostas', por exemplo, a tolerar a precariedade laboral posterior) que
92 promoven a socialización xerarquizada do estudantado a través dunha
93 aparente base de promoción do igualitarismo, facéndoo por medio de
94 sutís mecanismos meritocráticos, lexitimadores da desigualdade e da
95 exclusión social e reforzadores de patróns identitarios de xénero e de
96 clase social.

97 *1.7. Acelerada crise na cultura e lingua galega*

98 Debido a circunstancias varias, entre as que se inclúen experiencias
99 traumáticas da nosa propia existencia como pobo, pode falarse dunha
100 perda continuada da anterior fortaleza real e simbólica da lingua galega e
101 da nosa cultura tradicional, como sinais e símbolos dunha sólida, ampla e
102 colectiva identidade social e popular. A cuestión introduce interrogantes
103 sobre o mantemento, en particular, da lingua galega, en canto que lingua
104 relacional fundamental da cidadanía, un dos aspectos que mobilizou a
105 creación e suscita a actividade de Nova Escola Galega.

106 A aparición de síntomas do que as investigacións clásicas sobre a materia
107 denominaron *colingüismo*, así como a crise evidente das prácticas
108 configuradoras dunha identidade socio-cultural, parece que deben

37
38
39
40
41
42
43

Rúa Luís Freire, nº 5 Baixo
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)

Teléfono: 981 562 577
<http://www.neg.gal/>
neg@neg.gal
CIF G36645232



44

109 provocar a redefinición das estratexias normalizadoras -lingüísticas e
110 culturais- non só dos poderes públicos, senón tamén do propio activismo
111 social de base.

112 Esta identidade socio-cultural vese afectada tanto polas influencias
113 universais das que falamos e a pluriforme interrelación que se suscita,
114 como por un acusado proceso españolizador que induce a boa parte de
115 Galicia a renunciar á cultura e ao idioma propio do país, e polo
116 acollemento de fortes continxentes migratorios de persoas co natural
117 desexo de incorporarse como cidadáns galegos e galegas de pleno dereito,
118 sen unha inicial consciencia suficiente sobre a existencia dunha cultura
119 específica galega.

120 Esta diagnose non nos debe deixar de percibir a existencia e vitalidade de
121 abondosas experiencias e accións socioculturais -coa implicación de
122 numerosas persoas e sectores-, que están a xerar outros referentes
123 culturais, que debemos tomar en consideración.

124 *1.8. Fractura xeracional e fragmentación territorial e social*

125 Este proceso está a favorecer o crecemento dunha fractura xeracional e
126 da conseguinte fragmentación social, con distanciamento psico-social das
127 máis tradicionais contornas vitais galegas, ‘moldeando’ en contornas
128 contraditorias novos modos de identidade social, que poden levar canda
129 si inoportunas ‘exclusións’ e ‘sombras de memoria’, que reafirman a
130 fragmentación emocional e psico-social . Nesta liña hai que apuntar o
131 crecente abandono do rural, orfo de políticas públicas capaces de ofrecer

45
46
47
48
49
50
51



52

132 á cidadanía a suficiente cobertura de dereitos. Ademais, unha parte
133 considerable das persoas formadas –procurando que incorporasen
134 valores positivos en relación coa lingua e a cultura galega—desenvolven
135 xa no presente as súas vidas fóra do específico marco comunitario de
136 Galiza, namentres o país se empobrece eivado dunha parte tan
137 considerable dos seus recursos humanos. Unha Galiza que vai
138 ‘atemperando’ os impulsos que son necesarios para contemplarse como
139 suxeito colectivo político.

140 *1.9. Actuación burocrático-administrativista do poder autonómico*
141 *galego*

142 Diante da complexidade e dos retos trazados, a Consellaría de Educación
143 e no seu conxunto a Xunta de Galicia debían activar todas as capacidades
144 posibles de asesoramento, de previsión de efectos e de proposición, xunto
145 cos actores sociais activos.

146 O poder autonómico, de corte conservador na maioría das lexislaturas,
147 ten capacidades de intervención que, de ordinario, aplica ‘sobre’, mais
148 non ‘con’: isto é, emprega algunhas das súas capacidades cun uso
149 burocrático-administrativista a favor da ‘corrente dominante’, neoliberal,
150 acorde coa súa propia ideoloxía, reincidindo así nos problemas que vimos
151 de enunciar.

152 Porén, non fai uso de capacidades para abordar eses problemas e retos
153 mediante estratexias de actuación conxunta cos actores sociais
154 implicados, o que repercute na súa actuación burocratizada, irreflexiva e

53
54
55
56
57
58
59

60

155 empobrecedora e contribúe, deste xeito, a debilitar as capacidades deses
156 sectores sociais implicados e activos, sometidos a desgastes ante as
157 dificultades que presentan os retos. Mais, a actual autonomía política,
158 aínda coas súas limitacións, permite outros impulsos por parte dos
159 poderes públicos, como vimos de indicar.

160 2. Respostas que se dan ante a complexidade

161 2.1. Os centros públicos

162 Un considerable número de centros públicos están apostando por coidar
163 con atención o que pode ser ‘sentir, vivir e emocionarse coas
164 aprendizaxes’, favorecendo as aprendizaxes significativas e cooperativas,
165 a creatividade, os traballos escolares en equipo e en grupos de idades
166 diversas, a atención ás intelixencias múltiples, as estratexias de resolución
167 de problemas, a estimulación precoz, a aprendizaxe baseada en proxectos
168 en contra da fragmentación disciplinaria, os obradoiros manipulativos...

169 Centros nos que se potencia a comunicación entre o alumnado, os valores
170 sociais, as novas contornas virtuais de aprendizaxe, as novas formas de
171 organización espazo-temporal, novas modalidades de formación como as
172 feiras de ciencia, as *flipped classroom*² ou o uso das tecnoloxías dixitais en
173 combinación co coidado da mediateca e da biblioteca, na procura

61 ² Unha estratexia de instrucción e un tipo de aprendizaxe que ten como obxectivo
62 aumentar a participación e a aprendizaxe dos estudantes facendo que os alumnos
63 completen lecturas na casa e traballen na resolución de problemas en directo durante o
64 tempo de clase



72

174 constante de prácticas didácticas que favorezan o espírito investigador e
175 as capacidades de razoamento (oratoria, robótica, tecnoloxías 3D...).

176 Hainos que realizan prácticas inducidas pola mercantilización descrita e
177 que asumen no seu funcionamento criterios inadecuados como servizo
178 público potenciador dunha sociedade equilibrada e inclusiva. Aínda
179 sendo conscientes de que se precisan políticas públicas sectoriais que
180 permitan dar resposta adecuada a distintos problemas sociais que as
181 institucións escolares non teñen **por si soas** capacidade para solucionar,
182 estas deben ser sensibles e **proactivas**, dadas as funcións e as
183 responsabilidades sociais da educación escolar, o que en distintas
184 ocasións non sucede.

185

186 *2.2. Por parte dos centros privados e concertados*

187 No escenario enriba descrito están a moverse tamén os privados e
188 concertados, levando a cabo distintos proxectos de centro e de actuación
189 didáctica. Unha parte deles, que ademais absorven financiación pública
190 (que se detrae do maior impulso ao sector público) fano baixo a declarada
191 influencia da mercantilización e doutros criterios propios da concepcións
192 neo-liberal, ao querer contar co favor de sectores sociais medio-altos e
193 altos, poñen atención sobresaínte na ‘anchura’ das súas instalacións
194 (aulas, laboratorios, bibliotecas, sala psicopedagóxica, espazos de lecer,
195 xardíns, espazos para a práctica deportiva ou mesmo ecuestre),
196 publicitando en nome da liberdade do ensino, o que non é factible do

73

74

75

76

77

78

79



80

197 mesmo modo nos centros públicos; poñen atención, igualmente, na súa
198 docencia en inglés, cunha rechamante proscrición da lingua e cultura
199 galega, na predominancia da mochila electrónica, na individualización do
200 ensino, na atención ambiental enfeitada (con ocultación da realidade dos
201 traballos sucios que efectúan tantos e tantos sectores obreiros e
202 traballadores na nosa sociedade), na ‘estimulación multisectorial’ do
203 alumnado, nas metodoloxías activas e na formación docente entendida
204 ‘instrumentalmente’.

205 *2.3. As empresas*

206 Nesta procura cómpre analizar criticamente o protagonismo formativo
207 alcanzado, entre nós, por diversas Fundacións privadas (Botín, Barrié de
208 la Maza, Jove, Amancio Ortega e Santiago Rey /La Voz de Galicia, mediante
209 distintos programas) e por algúns destacados medios de prensa, co
210 beneplácito da Consellería de Educación e dun número apreciable de
211 profesionais. As súas achegas colaboran a resolver ‘pragmaticamente’
212 inquiredanzas de innovación didáctica, mais, convértense deste modo en
213 potenciais ou reais instancias orientadoras da axenda educativa, sen
214 mediar un exame colectivo e público sobre o que todo este ‘apoio’ poda
215 significar e sobre os ‘silencios’ dos poderes públicos: ata que punto,
216 algunhas das propostas metodolóxicas incentivadas non son un ‘cabalo de
217 Troia’ para a mellor extensión do enfoque neoliberal?

218 *2.4. Outras propostas educativas*

81
82
83
84
85
86
87

Rúa Luís Freire, nº 5 Baixo
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono: 981 562 577
<http://www.neg.gal/>
neg@neg.gal
CIF G36645232



88

219 Xunto ás tradicionais academias e servizos de pasantía, están a aparecer
220 entre nós, algunhas propostas novas (escolas-granxa, escolas na natureza,
221 escolas cunha metodoloxía didáctica singularizada como ‘alternativa’),
222 que nalgúns casos, dado o seu carácter mercantil, responden a criterios de
223 *distinción* e de elite social, e son substancialmente concordes cos ditados
224 do neoliberalismo.

225 Por outro lado, temos a iniciativa social, sen ánimo de lucro, do proxecto
226 autoxestionario das escolas Semente, preocupadas por unha rica
227 educación emocional, ligada ao uso da lingua galega e a unha
228 inculturación galeguizadora, facendo parte do ronsel galeguista no cal se
229 inspiran: a Escola do Ensino Galego fundada en 1923 polas Irmandades da
230 Fala na Coruña.

231 Ten relevancia sinalar, ademais, a importancia de propostas de
232 intervención educativa desde variados recursos institucionais públicos:
233 museos, centros de interpretación ambiental, rutas de diverso tipo etc.,
234 que ofrecen a posibilidade de coñecermos a contorna, complementando o
235 labor escolar. Contribúen a desenvolver a idea da *Sociedade Educadora* ou
236 *Cidade Educadora*. Recursos e oportunidades que esixen, e non sempre
237 dispoñen, dunha conveniente coordinación administrativa institucional.

238 3. Condicións e propostas para a Educación

239 3.1. Principios educativos

240 A educación é un dereito de todas as persoas. Máis alá da socialización
241 que ocorre en todas as sociedades, a educación é o proceso formativo que

89
90
91
92
93
94
95

Rúa Luís Freire, nº 5 Baixo
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono: 981 562 577
<http://www.neg.gal/>
neg@neg.gal
CIF G36645232



96

242 lle permite ás persoas inserírense de forma activa, autónoma, creativa e
243 solidaria nos contextos histórico-sociais (no seu máis amplo senso) dos
244 que forman parte ou cos que interactúan de diverso modo.

245 É, ao mesmo tempo, unha forza fundamental na construción dun mundo
246 máis xusto e mellor. Educamos ás novas xeracións non só para integrar os
247 coñecementos científicos, sociais e políticos máis relevantes das pasadas
248 xeracións, senón para responder a unha necesaria axenda social e
249 educativa ante os novos retos da humanidade, que debe incluír o coidado
250 do planeta para as futuras xeracións.

251 Neste sentido a educación convértese nun pilar básico das sociedades,
252 porque favorece a emancipación e a cooperación dos pobos, e contribúe a
253 formar unha cidadanía máis libre, crítica e con menos desigualdades.
254 Concirne aos poderes e institucións políticas públicas, mais tamén a toda
255 a sociedade: ás asociacións de familias, ás organizacións sindicais, ás
256 asociacións comunitarias e aos movementos sociais e asociativos diversos,
257 as institucións e servizos culturais etc.

258

259 *3.2. A educación é, por iso, un grande proxecto político, unha* 260 *estratéxica mediación socio-cultural*

261 Dada a súa transcendencia presente e futura, a educación debe ser asunto
262 de central atención pública; pertence ao que chamamos ‘o espazo público
263 democrático’ e é motivo relevante de proxección política e por iso, tamén,
264 de debate social. Non é un asunto de tecnocracia e de ‘expertos’, por máis

97
98
99
100
101
102
103

Rúa Luís Freire, nº 5 Baixo
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono: 981 562 577
<http://www.neg.gal/>
neg@neg.gal
CIF G36645232



104

265 que debe ter presente criterios técnicos e de validación científica desde as
266 ciencias da educación e demais ciencias sociais.

267 Por todo iso, configúrase como integrante dos dereitos e liberdades
268 básicas constitucionais, converténdose nun **servizo público**
269 **fundamental** nas nosas sociedades, sobre todo para a adquisición e o
270 exercicio do coñecemento preciso para formar parte activa da sociedade
271 democrática, asentada nos valores humanos transversais, na laicidade,
272 nas prácticas inclusivas, na integración das diversidades e no
273 rexeitamento do racismo e de toda caste de explotacións e de violencias.

274 *3.3. Unha educación conectada coa vida*

275 Como neste mesmo ano de 2023 suscitou o Foro de Sevilla, a través do
276 “Manifesto internacional sobre Políticas educativas para a mellora dos
277 grandes problemas do mundo”, falamos dunha educación que forme para
278 o mundo da vida, non unicamente para aprobar exames, tomando por iso
279 en consideración as necesidades e intereses do alumnado, isto é, a súa
280 natureza histórica, social e existencial, o que implica a problematización
281 dos coñecementos e saberes.

282 É mester un modelo de desenvolvemento curricular que vaia máis aló dos
283 coñecementos utilitaristas ou instrumentais, de preparación de man de
284 obra para o mercado. Un modelo que non suprima ou subestime as
285 materias creativas e o desenvolvemento do pensamento crítico e que
286 fomente as aprendizaxes conectadas coa vida; unha vida que desexamos

105
106
107
108
109
110
111



112

287 libre dos estereotipos de xénero que mancan e limitan a mulleres e
288 homes.

289 Falamos, igualmente, dunha escola que incorpore a educación emocional
290 na cerna de todas as aprendizaxes, superando a vella e errónea escisión
291 razón—emoción, nunha sociedade onde o benestar subxectivo e colectivo
292 e a preocupación polos coidados de todas as persoas sexan unha
293 prioridade.

294 Unha escola conectada cos problemas da contorna social, tanto locais
295 como globais, que ofrezca respostas (con diversos graos de elaboración,
296 segundo idades e momentos de formación) cunha organización dos
297 ensinos de forma global e interdisciplinaria segundo as etapas de ensino,
298 desde un **enfoque intercultural, co-educativo e inclusivo**.

299 *3.4. Centralidade da educación pública*

300 Alén da diversidade social das manifestacións educativas, a centralidade
301 da educación básica e fundamental debe instituírse mediante as
302 institucións formais previstas no marco do sistema educativo estatal e
303 autonómico, como mellor garantía dunha educación adecuada para a
304 formación dunha cidadanía democrática e dunha sociedade libre, laica,
305 máis xusta e equilibrada; a “educación pública”, como garante da
306 igualdade de oportunidades e da equidade, promotora de inclusión social,
307 é a de maior capacidade para a formación de persoas con espírito de
308 cooperación, capacidade crítica, creatividade e con valores firmes desde o
309 punto de vista da dignidade de todas as persoas.

113
114
115
116
117
118
119



120

310 Afirmamos esta posición fronte ao discurso e as decisións político-
311 administrativas que favorecen e financian a presenza e a ampliación da
312 rede de institucións privadas do ensino e fronte aos intereses que
313 pretenden a lexitimidade da privatización crecente, a mercantilización e a
314 dualización das estruturas educativas.

315 *3.5. Atención as especificidades do medio rural*

316 Desde a premisa do dereito á educación, a defensa dun plan educativo
317 específico para o rural galego (con diversas escalas e escenarios) vén de
318 seu. Un plan deseñado desde a administración educativa, participado con
319 todos os axentes políticos, sociais e profesionais, e que actúe como
320 elemento aglutinador de vontades e perspectivas, para fixar poboación e
321 oportunidades educativo-culturais no rural, corrixindo o abandono do
322 rural, o peche de aulas e servizos, e os efectos dunha oferta académica, ou
323 insuficiente ou desaxustada, e con implicacións na formación inicial e
324 permanente para os/as profesionais da educación.

325 *3.6. Diferentes formas de educación institucional*

326 Xunto ás institucións públicas e privadas de carácter regrado
327 contempladas como parte do sistema educativo hai outras formas,
328 instancias e iniciativas de educación social e de educación permanente e
329 **das persoas adultas**. Acompañar a complementariedade entre todos os
330 espazos educativos e de formación é un grande reto, que debe ser
331 contemplado a diversas escalas dende unha visión global, que afecta ao
332 conxunto do desenvolvemento das persoas, dado que afecta ao conxunto

121
122
123
124
125
126
127

Rúa Luís Freire, nº 5 Baixo
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono: 981 562 577
<http://www.neg.gal/>
neg@neg.gal
CIF G36645232



128

333 das prácticas educativas. Nesta liña subliñamos o valor e a necesidade de
334 apoiar e coordinar institucionalmente todas as iniciativas que configuren
335 co-responsablemente o universo da “Sociedade Educadora”. Tamén é
336 preciso prestar atención á educación ao longo da vida, sinalando, porén, o
337 risco dun posible deterioro da educación de adultos/as ao facela exclusiva
338 ou fundamentalmente “on line” e polo tanto suprimindo ou minimizando
339 o contacto persoal cos formadores o que pode supoñer un incremento das
340 dificultades e unha desincentivación para este tipo de formación.

341 *3.7. Racionalidade crítica e laicismo*

342 Non somos acordes cunha estandarización empobrecida de contidos de
343 aprendizaxe, como en ocasións pode desprenderse da aplicación de
344 prácticas educativas de formación en competencias e da metodoloxía de
345 proxectos didácticos. A formación como apropiación subxectiva e
346 comprensiva do mundo histórico e social da vida, é esixente, pero libre de
347 autoritarismos e de dogmatismos. A formación da racionalidade, do
348 espírito crítico, da dúbida e da discrepancia lúcida supón sempre a
349 laboriosidade formadora, o estudo ordenado, a asunción dos erros como
350 tales e a superación de resistencias e de obstáculos epistemolóxicos,
351 frecuentemente situados en capas ideolóxicas profundas da
352 subxectividade.

353 Ao mesmo tempo, a formación en coñecementos científicos e en valores
354 cívicos esixe que as institucións escolares sexan lugares para “razoar” e
355 non para “crer” cos criterios da fe relixiosa. Partindo da asunción e da

129
130
131
132
133
134
135



136

356 promoción da universalidade dos dereitos humanos, debemos recoñecer a
357 diversidade cultural, rechazar o etnocentrismo, e ter presentes os
358 coñecementos socio-históricos.

359 *3.8. Unha nación fráxil: necesidade dun proxecto específico de*
360 *política educativa para Galicia*

361 Contemplarse como suxeito político, asentado isto sobre fundadas razóns
362 estruturais, culturais, ambientais e emocionais, é unha das claves que
363 pode favorecer o exercicio da cidadanía democrática e é trabe básica para
364 pensar sobre o noso futuro.

365 Neste sentido, Nova Escola Galega naceu por considerar Galiza como un
366 suxeito político e un espazo sociocultural no que, dadas as súas específicas
367 características, cómpre pensar un específico proxecto de política
368 educativa, ao que queremos contribuír; un proxecto que debe contemplar,
369 tanto o marco estatal español e a proxección educativa que nel se realiza,
370 como o da Unión Europea, e demais de carácter internacional, que se
371 recollen singularmente en : o artigo 26 da Declaración Universal dos
372 Dereitos Humanos, os artigos 13 e 14 do Pacto internacional sobre os
373 dereitos económicos, sociais e culturais, os artigos 28 e 29 da Convención
374 internacional dos dereitos da infancia, a Convención da UNESCO contra as
375 discriminacións no ámbito da educación, o cadro de acción “Educación
376 2030” dos ODS da ONU, ou na Declaración de París de 17.III.2015 sobre a
377 promoción da educación na cidadanía e nos valores comúns de liberdade,
378 de tolerancia e de non-discriminación.

137

138

139

140

141

142

143



144

379 Correspóndelle ás forzas políticas democráticas e á , ao Parlamento e á
380 Xunta de Galicia promover con adecuación esta concreción, mediante un
381 proceso dobremente participativo e experto, acompañándoo da
382 instrumentación administrativa e académica adecuada aos seus efectos. A
383 longa experiencia da gobernación conservadora entre nós evidencia un
384 uso superficial desa posibilidade de contextualización e concreción, que
385 polo contrario fomenta na práctica a ignorancia da propia realidade,
386 como se se tratase dun estigma do que hai que desprenderse. Un
387 afastamento calculado que non axudará o alumnado a comprender os
388 principais problemas e situacións que condicionan a súa vida, e moito
389 menos a implicarse na súa abordaxe.

390 *3.9. A responsabilidade dos e das educadoras e a súa formación*

391 As dificultades que apoñen os retos e as dificultades para asumir
392 compromisos e tarefas colectivas na busca de posicións de avance social
393 -ante as limitadas capacidades para a elaboración de posicións
394 alternativas- teñen levado a algunha falta de implicación por parte de
395 numerosos/as ensinantes, alén do espazo concreto das tarefas
396 directamente encomendadas. Mais, educamos persoas que terán por
397 diante décadas de vida e queremos modelos sociais que respondan aos
398 valores que reclamamos. Educamos desde o principio da esperanza.
399 Desde este punto de vista, os educadores e as educadoras non podemos
400 recluirnos no exclusivo cumprimento dos ditados legais, limitando a nosa
401 capacidade reflexiva e educadora.

145
146
147
148
149
150
151

Rúa Luís Freire, nº 5 Baixo
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono: 981 562 577
<http://www.neg.gal/>
neg@neg.gal
CIF G36645232



152

402 A función e a responsabilidade social educadora dos e das ensinantes
403 (formar persoas cultas, libres, solidarias, participativas, estimular o
404 desexo de aprender e contribuír á construción do espazo público común)
405 debe traducirse nunha adecuada formación inicial nas Facultades de
406 Educación e de Formación Docente, con coñecementos, valores, actitudes
407 e destrezas que se moven entre os saberes instrumentais, a formación
408 axiolóxica, as achegas académicas sobre o desenvolvemento psico-social
409 humano, as preguntas e os coñecementos históricos e sociais e sobre a
410 deontoloxía docente.

411 Debe acompañarse esta formación do preciso período de indución
412 profesional, coa compañía de mentores experimentados/as, e dunha
413 formación permanente que tome en consideración os centros educativos
414 como unidades de acción e de cambio, poñendo en valor a cultura
415 colaborativa docente por medio de comunidades de aprendizaxe, coa
416 superación da mera imaxe dos ‘expertos curriculares’, entendidos como
417 os únicos provisores de formación.

418 É mester, neste senso, redefinir o Estatuto do Profesorado e o modelo de
419 desenvolvemento profesional docente, que debe contemplar numerosos
420 aspectos e evite a burocratización e o corporativismo. Tamén
421 consideramos importante dar resposta aos “discursos antipedagóxicos”,
422 que teñen acadado un certo éxito entre sectores do profesorado,
423 especialmente de Ensinanza Secundaria, que responsabilizan á influencia
424 das “novas pedagogías” (entendidas de forma xenérica e extremadamente

153

154

155

156

157

158

159



160

425 imprecisa, ademais de notoriamente errónea) o pretendido “fracaso” das
426 leis de reforma educativa promovidas desde os gobernos do PSOE desde a
427 LOXSE (1990). Sen entrar agora na valoración do maior ou menos acerto
428 desas leis (que desde logo consideramos superior ás aprobadas por
429 gobernos do PP), é en todo caso inaceptable atribuír aos movementos de
430 innovación pedagóxica en xeral, e aos MRPP en particular, a
431 responsabilidade tanto da imposición dunha xerga tecnicista como de
432 determinados procesos de burocratización das prácticas docentes que de
433 algún xeito apareceron vinculados a algunha daquelas reformas.
434 Finalmente, desde NEG, queremos reivindicar a autonomía e o
435 protagonismo compartido na investigación e experimentación de novas
436 prácticas curriculares (na selección de contidos, metodoloxías e
437 procedementos avaliadores) a prol da mellora da educación.

438

439 A diversificación das funcións sociais que na actualidade se lle atribúen
440 ao sistema educativo evidencian -como NEG vén sinalando desde hai
441 anos- a necesidade da presenza doutros perfís profesionais,
442 nomeadamente, os/as educadores/as sociais. A súa progresiva
443 incorporación ao sistema educativo en diferentes Comunidades do Estado
444 mostra un déficit a corrixir no contexto galego, tendo en conta as súas
445 relevantes funcións relacionadas co traballo socio-educativo e
446 comunitario.

161
162
163
164
165
166
167

Rúa Luís Freire, nº 5 Baixo
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono: 981 562 577
<http://www.neg.gal/>
neg@neg.gal
CIF G36645232



168

447 *3.10. Condutas e prácticas que favorecen proxectos escolares*
448 *positivos.*

449 *Sen querer ser exhaustivos sinalamos as seguintes :*

450 ***Ensinar- Aprender***

- 451 - Adecuación dos ritmos escolares (horarios, calendarios, xornadas,
452 horarios, pausas ...) ás posibilidades físicas e psíquicas da infancia e
453 adolescencia e atención aos biorritmos individuais de aprendizaxe,
454 coa consciencia de que todas as persoas teñen grandes
455 potencialidades e capacidades.
- 456 - Favorecer o aprender a razoar e a investigar a partir das
457 concepcións do alumnado, considerando os erros como chanzos do
458 proceso.
- 459 - Atención a destrezas de pensamento e ás intelixencias múltiples.
- 460 - Favorecer novas formas de aprender, facéndoo de modo grupal,
461 porque os grupos permiten descubertas, enriquecemento de
462 procesos, e o sentido da cooperación.
- 463 - Favorecer as aprendizaxes significativas e a metacognición, coa
464 consciencia de que o coñecemento é tamén motor de interese.
- 465 - Favorecer a formación lenta, a atención e a ledicia do coñecemento,
466 partindo de que cada alumno ou alumna é actor de aprendizaxe.
- 467 - Participación: uso das asembleas nas aulas como órganos de
468 decisión. Creación de consellos da infancia onde se podan tomar
469 decisións sobre o goberno da escola.

169

170

171

172

173

174

175



176

470 - Autonomía: adaptación dos espazos educativos para favorecer a
471 autonomía no proceso de aprendizaxe con ambientes preparados e
472 prácticas educativas que favorezan a aprendizaxe por interese do
473 alumnado.

474 - Saber: ser conscientes de que o empoderamento chega a través do
475 coñecemento, da importancia do pensamento crítico, e non só
476 competencial.

477 -

478 ***Plano curricular e didáctico***

479 - Traballo por proxectos e aprendizaxe cooperativa e en grupos.

480 - Aprendizaxe experiencial valiosa, porque permite ampliar a
481 comprensión científica e o dominio de conceptos teóricos.

482 - Apertura á optatividade na educación secundaria.

483 - Avaliación do traballo: importancia de cultura avaliativa,
484 efectivamente formativa e non só sumativa. Para iso é necesario o
485 emprego de rúbricas, portfolios ou outras ferramentas distintas dos
486 exames tradicionais.

487 - É necesario un reaxuste do currículo académico para deixar de
488 separar os saberes por materias non relacionadas. Consideramos
489 que os **saberes** teñen interrelación e as institucións educativas
490 debe garantila.

491 - Na educación secundaria (universitaria) as escollas de itinerarios e
492 materias non deben pechar portas no futuro. Debemos entender a

177
178

Rúa Luís Freire, nº 5 Baixo
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)

179
180
181
182
183

Teléfono: 981 562 577
<http://www.neg.gal/>
neg@neg.gal
CIF G36645232



184

493 educación secundaria como un proceso formativo que non un
494 proceso de especialización. Un momento no que o alumnado teña a
495 oportunidade de acercarse e aprender, tendo a seguridade de que o
496 sistema educativo ofrece o aprendizaxe por interese.

497 - Protagonismo do centro de documentación/biblioteca de centro.

498 - Participación en convocatorias públicas de proxectos e experiencias
499 (clubs de ciencia, plan proxecta+ etc).

500 - Meteoescolas, ciencia en feminino, deseño universal de
501 aprendizaxe.

502 - O traballo coa palabra (comprensión lectora, oratoria, clubs de
503 debate...).

504 - Coidar a secuenciación curricular.

505 ***Desenvolvemento integral e inclusión***

506 - Contemplan globalmente os tempos educativos do alumnado e
507 comunidade (sociais, escolares, extraescolares...) e avanzar na
508 harmonización e consolidación de propostas compartidas.

509 - Educación emocional: cada persoa en interrelación grupal.

510 - Traballo transversal e coeducativo contra as discriminacións e a
511 prol da equidade e da igualdade de xénero, que:

512 a) Cuestione as asimetrías de poder entre mulleres e homes en
513 todos os ámbitos, a fin de superar o modelo masculino como
514 categoría universal,

185

186

187

188

189

190

191



192

515 b) Corrixa as prácticas sexistas nas aulas, nos corredores, nos
516 patios de recreo, no comedor escolar, nas salas de profesorado e
517 demais.

518 c) Dote as nenas de referentes femininos apoderados cos que se
519 identificar e ofrezca aos nenos modelos de masculinidade
520 alternativos á hexemónica.

521 d) Asuma o compromiso de incluír e visibilizar a realidade
522 LGBTIQ+ en todos os contextos educativos.

523 - Actuación dos departamentos de orientación e acción tutorial e
524 intervención do profesorado de AL e PT e de intérprete de signos.

525 - Atención intercultural e educación social cos contextos de
526 procedencia de alumnado **migrante**.

527 - Atención a aspectos de vida e alimentación saudable.

528 - Aprendizaxe de valores éticos.

529 ***Plano organizativo***

530 - Estabilización de equipos docentes. Nos centros educativos do rural
531 a inestabilidade de equipos docentes chega a prexudicar
532 enormemente ao alumnado e require con urxencia novas
533 normativas para evitalo.

534 - Realización da xestión democrática e participativa da vida dos
535 centros.

536 - Ruptura da aula tradicional, favorecendo os espazos-obradoiro e o
537 reparto de responsabilidades segundo tarefas entre o alumnado.

193

194

195

196

197

198

199



200

- 538 - Realizar prácticas democráticas, como asembleas de aula.
- 539 - Participación na liña de contratos-programa, nos programas de
- 540 avaliación institucional e nos programas de Erasmus+ e de
- 541 Aprendizaxe-Servizo.
- 542 - Toda medida de atención ao alumnado pasa por baixar as ratios
- 543 inadecuadas das aulas.
- 544 - Adscrición do profesorado aos centros por itinerarios formativos,
- 545 proxectos...
- 546 - Coacción dos programas da administración (clubes varios, CP,
- 547 proxecta, Polos Creativos,...). Estes programas educativos provocan
- 548 un financiamento que vai ligado a realizar os programas esixidos,
- 549 restando autonomía aos centros e obriga a unha maior burocracia
- 550 na realización proxectos e memorias. O que necesitamos son máis
- 551 recursos persoais, incluso postos administrativos en colexios con
- 552 dobre liña (en funcionamento, non necesariamente en catálogo).
- 553 - Capacidade de autoxestión dos centros educativos. A
- 554 reglamentación tan protocolizada e a financiación a través de
- 555 programas limita a autonomía dos centros.
- 556 - Comunidade de aprendizaxe (familias, concellos, asociacións e
- 557 outro tecido asociativo)
- 558 - Reducir o actual horario do profesorado, en particular en primaria
- 559 e infantil, xa que o actual dificulta a coordinación e a calidade do
- 560 ensino.

201
202
203
204
205
206
207



208

- 561 - Traballo colaborativo entre cursos.
- 562 - Alumnado mediador de convivencia.
- 563 - Contacto coas familias (directo, blog).
- 564 - A escola como lugar de vida en común.

565 ***Galeguización, linguas e patrimonio***

- 566 - Preocupación efectiva pola galeguización lingüística e cultural do
- 567 alumnado, con medidas progresivas recollidas no PLC, visibles e
- 568 avaliáveis na vida diaria das aulas e do centro.
- 569 - Interrelación coa contorna social e familiar.
- 570 - Aprender desde a contorna e en contacto coa natureza analizada.
- 571 - Descuberta e aprecio do patrimonio material e inmaterial e da súa
- 572 diversidade.

573 ***Contorna tecnolóxica***

- 574 - Incorporación activa e crítica dos recursos tecnolóxicos e
- 575 potenciación do uso do software libre, cara a potenciar a autonomía
- 576 e o sentido crítico, sabendo que o uso da tecnoloxía dixital no
- 577 ensino por si soa non equivale a innovación didáctica. As
- 578 plataformas dixitais son outras ferramentas e deben revisarse os
- 579 seus programas e o seu uso, para que o alumnado non estea
- 580 conectado de modo case permanente a unha pantalla, como está
- 581 acontecendo.
- 582 - Centros colaborativos *na nube*.

583

209
210
211
212
213
214
215

Rúa Luís Freire, n° 5 Baixo
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)

Teléfono: 981 562 577
<http://www.neg.gal/>
neg@neg.gal
CIF G36645232



216

584 *3.11. Dereitos lingüísticos e identidade social galega*

585 *Temos o dereito cívico de vivir en galego.* Como escenario dunha lingua
586 propia, o máis prezado patrimonio inmaterial do pobo e da cidadanía
587 galega -que nos conecta coa memoria colectiva (cultural e sentimental) e
588 con outros bens patrimoniais, tanto inmateriais e simbólicos como
589 materiais-, temos o dereito cívico de vivir en galego e o deber colectivo e
590 individual de coidar, renovar e transmitir ás futuras xeracións este
591 prezado patrimonio, que é fonte creativa para o proxecto de vida
592 colectivo e fonte de identidade antropolóxica e de integración social.

593 Por iso, a nosa xusta reclamación de galeguización do ensino, tanto no
594 lingüístico, como en relación cos contidos culturais. Estamos moi lonxe
595 dunha adecuada normalización do galego no ensino no conxunto das
596 nosas institucións educativas: precisamos desenvolver e intensificar
597 programas e accións en tal senso, coa implicación de todas as institucións
598 públicas, das familias, do profesorado e do alumnado.

599 A sociedade galega vén mudando e nela incorpóranse sectores crecentes
600 de persoas migrantes, todo o que nos debe levar a renovar o que poden
601 ser os mellores trazos da nosa identidade social. Quer como sexa, a
602 identidade tradicional máis uniforme, que aínda subsiste, debe dialogar
603 con outros trazos identitarios, reconstruíndose creativa e
604 democraticamente, evitando os dualismos, pasando a ser unha
605 'identidade cívica galega'. Isto fala de sociedade multicultural e
606 multilingüe, que para a súa cohesión social e sendo consciente do seu

217

218

219

220

221

222

223

Rúa Luís Freire, n° 5 Baixo
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)

Teléfono: 981 562 577

<http://www.neg.gal/>

neg@neg.gal

CIF G36645232



224

607 patrimonio, debe incorporar perspectivas de interculturalidade e unha
608 perspectiva educativa plurilingüe, que necesariamente debe ter por base
609 a lingua propia da Comunidade, con todas aquelas modulacións didácticas
610 e organizativas oportunas nas variables circunstancias e momentos.

611 *3.12. A contorna dixital*

612 Vivimos nunha contorna de forzas dixitais de gran capacidade e poder
613 para crear dependencias de diverso tipo e consecuencias. Con esta
614 conciencia estamos ante un extraordinario reto colectivo, de loita contra a
615 privatización neo-liberal. É este ámbito fundamental a este respecto. É
616 necesario desenvolver e actualizar o Plan de dixitalización e de
617 competencias dixitais do sistema educativo, así como desenvolver
618 plataformas tecnolóxicas públicas de código aberto, coa conciencia de
619 que as infraestruturas dixitais públicas deben ser entendidas como
620 imprescindible ben público.

621 **4. Apostando pola renovación de NEG**

622 **4.1. Espazo compartido**

623 Nova Escola Galega habería de seguir sendo un espazo compartido para a
624 reflexión e o debate, para a elaboración de posicións e de propostas
625 formativas, a organización de grupos de traballo e de estratexias de
626 colaboración coa comunidade educativa e con diferentes entidades. Para
627 isto é mester abrir espazos de reflexión entre profesorado e educadores/as
628 que na actualidade non forman parte de NEG, arredor das seguintes
629 cuestións:

225
226
227
228
229
230
231

Rúa Luís Freire, nº 5 Baixo
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono: 981 562 577
<http://www.neg.gal/>
neg@neg.gal
CIF G36645232



232

630 • O valor, mais tamén os límites, das innovacións didácticas
631 (sectoriais).

632 • A necesaria inclusión de proxectos innovadores de centro
633 (singulares) nunha estrutura compartida de redes de centros, de
634 modo a estabilizar e reforzar impulsos e enerxías creativas, o que
635 significa ampliar o territorio organizativo do clima innovador.

636 • A necesaria inclusión en escenarios sociais de construción social e
637 pedagóxica democrática.

638 • A necesaria superación da idea das escolas como institucións
639 neutras e apolíticas, comprendéndoas como espazos de formación
640 no marco dun proxecto educativo e cidadán que é globalmente
641 político.

642 • A radical importancia da galeguización escolar, lingüística e
643 cultural, xunto da centralidade do alumnado que aprende e xunto
644 das metodoloxías activas.

645 • A centralidade da educación pública e dun sistema educativo
646 público, democrático, galego, laico, inclusivo e anti-discriminatorio.

647 • Sermos conscientes das dificultades asociadas ao contexto, por
648 estarmos situados nunha contorna social, ambiental e emocional na
649 que existen a incerteza, a desarticulación e a hostilidade como
650 condicionantes; falamos da desarticulación ou, o que é o mesmo, do
651 esmigallamento na elaboración de proxectos tendentes á

233

234

235

236

237

238

239



240

652 transformación social, de modo que a ausencia dun suficiente
653 proxecto global alternativo escurece a propia construción de
654 propostas transformadoras desde o ámbito da educación, neste
655 caso.

656 *4.2. Non estamos sós*

657 O exercicio da “educación crítica” conta con diversas actrices e actores en
658 diversas escalas, comezando por Galiza, e así conecta a nosa vida asociada
659 con outras entidades e iniciativas coas que converxemos. Alén do
660 inmediato de nós, tamén se encontran, entre outras, a Confederación
661 Estatal de MRP, na que estamos integrados, o grupo de opinión e
662 formación “Foro de Sevilla”, a Federación Internacional de Movementsos
663 de Escola Moderna (FIMEM) e o espazo de vitalización da Educación Nova
664 internacional Convergences (Converxencias); espazos todos cos que
665 mantemos diverso grao de coordinación.

666

667 Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2023.

241
242
243
244
245
246
247

Rúa Luís Freire, nº 5 Baixo
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono: 981 562 577
<http://www.neg.gal/>
neg@neg.gal
CIF G36645232